



## **BASES PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME TEMPORAL, DUN AUXILIAR DA POLICÍA LOCAL.**

### **Primeira.- OBXECTO DA CONVOCATORIA, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal dun auxiliar da policía local, a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases, de conformidade co disposto na Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, o Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación.

Correspónderalle desempeñar as funcións propias desta categoría profesional na Policía Local de Arzúa, tales como custodia e vixilancia de bens, servizos e instalacións municipais, así como auxilio e colaboración dos funcionarios do Corpo da Policía local e demais Forzas e Corpos de Seguridade.

A modalidade contractual será a de un contrato temporal por obra ou servizo determinado, prevista no R.D. 2720/1998 de 18 de decembro (artigo 2) e a súa duración será de catro meses contados a partir da sinatura do mesmo.

As retribucións mensuais serán de 969,41 euros por tódolos conceptos, segundo o seguinte desglose: (830,92 euros en concepto de soldo e 138,49 euros en concepto de prorrateo de paga extra), que se aboarán con cargo a partida orzamentaria 132.131.00 “Seguridade e orde pública.- Retribución persoal laboral” e 132.160.00 “Seguridade e orde publica. Seguridade Social”

### **Segunda.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos a data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007. Así mesmo poderán participar, en igualdade de condicións ca os españois, os extranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter máis de 18 anos de idade e non ter cumpridos os 58 anos de idade.

c) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario ao grupo C2 (Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar ou equivalente), ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou outros superiores.

d) Ter unha estatura mínima de 1'65 metros os homes e 1'60 as mulleres.

e) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais e funcións correspondentes a este posto de traballo, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

f) Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo nas administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

g) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

### **Terceira.- PRESENTACION DE INSTANCIAS.**

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao alcalde segundo o modelo que figura como Anexo II, no que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

As citadas solicitudes presentaranse no citado Rexistro Xeral do Concello, en horas de oficina durante o prazo de cinco días naturais, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na prensa.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 38 nº 4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; neste caso, os interesados deberán comunicalo, mediante telegrama ou telefax, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

2.- Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inexcusablemente, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida na Base segunda, punto c) das Bases reguladoras do proceso de selección.
- Certificado médico a que se refire a Base 2ª letra e), acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-la función propia a desempeñar.

3.- Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

### **Cuarta.- ADMISION DE ASPIRANTES.**

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde dictará resolución no prazo máximo de cinco días naturais, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, con indicación -se é o caso- das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario na web municipal.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de cinco días, seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 71 da Lei 30/92.

2.- Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do órgano de selección.

Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

3.- De non existir aspirantes excluídos, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

#### **Quinta.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten, e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre Indemnizacións por razón do servicio.

#### **Sexta.-CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

Sistema de provisión: oposición libre.

#### **DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS E PROGRAMAS**

O día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa

aprobación da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “B”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda de 29 de xaneiro de 2014, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o 29/01/2014 (DOG 10/02/2014), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non haber aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública -no taboleiro de anuncios do Concello- a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”.

*Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web municipal.*

A selección dos aspirantes realizarase mediante o sistema de oposición libre que se desenvolverá como segue:

### **FASE DE OPOSICIÓN.**

Consistirá na realización das seguintes probas:

#### **1ª proba.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física.**

-Comprobación da estatura.

Antes de comezar a realización do primeiro exercicio (probas físicas) efectuarase o control da estatura dos aspirantes, quedando eliminados os que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

-Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A) Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

- Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia, entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto, deberá ser igual ou superior á mínima (*en centímetros*) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37- 48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

B) Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo sita no complexo polideportivo municipal, na rúa do Viso.

O aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 ou máis
Homes	4'30''	5'00''	5'15''
Mulleres	5'00''	5'30''	5'45''

**2ª proba. Proba de coñecementos.**

A proba de avaliación dos coñecementos dos aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario especificado no anexo da convocatoria.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F/3)/5$ .

(*Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas*).

### **3ª proba Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.**

Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

### **4ª proba. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aqueles aspirantes que non pudiesen acreditarlo documentalmente.**

Esta proba estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego. Será de carácter obrigatorio e eliminatorio e cualificarase como apto/non apto.

Consistirá en redactar correctamente, nun tempo máximo de 30 minutos, un texto con erros facilitado polo tribunal. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e de maneira normativamente establecida (mediante a presentación, xunto coa solicitude, de fotocopia compulsada do certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia), quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

### **Cualificación final e relación de aprobados**

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes baseándose na súa puntuación e por orde decrecente; resultando aprobado o que, tendo en conta o número de prazas, obtívase a nota máis alta.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse pola puntuación obtida no segundo exercicio do proceso selectivo (*proba de coñecementos*) e, se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida na seguinte proba (*sobre coñecemento do termo municipal y da toponimia local*).

No suposto de que o aspirante seleccionado non presente a documentación requirida ou ben renuncie ao posto obtido, a proposta de contratación entenderase trasladada ao seguinte aspirante que obtivera maior puntuación, e así sucesivamente.

### **Publicidade do proceso selectivo**

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Arzúa, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación, enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello.

#### **Sétima.- PROPOSTA DE APROBADOS/AS.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios o nome do aspirante aprobado por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente a favor do aspirante que obtivera a puntuación total máis alta (posto que o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Curso de formación. Os aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar no curso de formación que convoca anualmente a Academia Galega de Seguridade Pública. Aqueles que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48 nº 2 do Decreto 243/2008 do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007 de Coordinación de policía locais.

Listaxe de substitucións. Na acta da última sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non foran incluídos na proposta de contratación

No caso de que non quedasen aspirantes nesta situación, relacionaranse aqueles que tivesen superado algún dos exercicios a efectos de poder, se así se considera, ser contratados eventualmente para cubrir provisionalmente a ausencia por disfrute de licenzas regulamentarias, ou por se fose necesario cubrir a baixa por enfermidade ou renuncia do seleccionado.

#### **Oitava.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

O aspirante proposto presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días naturais (*contado a partir da publicación do resultado da selección*), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na Base

Segunda desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

### **Novena.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o alcalde procederá á súa contratación, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do decreto de contratación.

Previamente á sinatura do contrato, o aspirante contratado deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985 de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

### **Décima.- NORMAS FINAIS.**

**Primeira.-** Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Segunda.-** Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base Terceira, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

**Terceira.-** Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**Cuarta.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses



contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso, sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro recurso que considere procedente.

### **ANEXO I: TEMARIO**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de Coordinación das Policía Locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: Disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguraza Viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: Lugar na vía, Velocidade, Prioridade de paso, Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

**ANEXO II**  
**AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA.**

D./Dna. \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ anos, con domicilio en \_\_\_\_\_ Rúa \_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_ piso \_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e DNI n° \_\_\_\_\_, ante Vde. comparezco e **EXPOÑO**:

**I)** Que desexo participar no proceso selectivo por oposición, convocado para poder contratar a un traballador co obxecto de realizar as funcións de auxiliar de policía Local, de conformidade coas bases aprobadas por resolución do alcalde de data 20 de febreiro de 2015, publicadas no Boletín Oficial da provincia n° \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_ de 2015.

**II)** Que reúno tódos os requisitos esixidos, referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude.

**III)** Que acepto e declaro coñecer as bases que rixen o procedemento, así como que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome –no seu caso– a probalos documentalmente.

Achégolle xunto coa presente instancia, segundo dispón a Base Tercera da convocatoria, os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do DNI o documento identificativo.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida na Base Segunda, letra c).
- Certificado médico oficial referido na Base Segunda letra e).

Por todo o exposto, **SOLICITO**:

Ser admitido a participar no procedemento de selección para a contratación da persoa que realizará as funcións de auxiliar de policía local durante un prazo de tempo e catro meses.

En Arzúa, a-----de-----de 2015